

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE BOLSAS DE COMEDOR, ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR E REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES PARA O ALUMNADO DOS CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E CONCERTADOS SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (SEGUNDO CICLO) E DE EDUCACIÓN PRIMARIA OBRIGATORIA DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, PARA O CURSO 2021-2022.

De conformidade con competencias atribuídas ao municipio pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais lexislación vixente e consonte o marco xurídico definido polo RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu regulamento e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, convócase a concesión de bolsas para comedor, adquisición de material escolar e realización de actividades extraescolares para o alumnado dos centros docentes públicos e concertados sostidos con fondos públicos de educación infantil (segundo ciclo) e de educación primaria obligatoria do Concello de Santiago de Compostela.

A presente convocatoria terá un importe de 651.000,00 €, dos cales, 257.880,00 € irán con cargo á aplicación orzamentaria 020 23100 4800100/21 e os 393.120,00 € restantes á aplicación orzamentaria correspondente do orzamento xeral do 2022.

Non obstante, ditos importes poderán ser incrementados en función das solicitudes presentadas e de acordo coa dispoñibilidade de crédito, cando o aumento veña derivado como consecuencia dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito ou da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo, que non requirirá dunha nova convocatoria, de conformidade co previsto no artigo 31.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A efectividade desta contía adicional queda condicionada á declaración de dispoñibilidade de crédito como consecuencia das circunstancias antes sinaladas e, se fora o caso, logo da aprobación da modificación orzamentaria que proceda.

Nestes casos publicarase a ampliación de crédito polos mesmos medios que esta convocatoria, sen que tal publicidade implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio dun novo cómputo de prazo para resolver.

A concesión destas bolsas farase consonte as seguintes BASES REGULADORAS:

1. OBXECTO

O obxecto desta convocatoria é regular o procedemento para a concesión de bolsas de comedor, adquisición de material escolar e realización de actividades extraescolares ás unidades familiares e de convivencia do Concello de Santiago de Compostela que teñan persoas menores de idade ao seu cargo escolarizadas en centros docentes públicos ou concertados sostidos con fondos públicos de educación infantil (segundo ciclo) e de educación primaria obrigatoria do Concello de Santiago de Compostela, e que estean matriculadas ou teñan reserva de praza para o curso 2021/2022, de conformidade cos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

2. MODALIDADES DE BOLSAS E FINALIDADE

A. Bolsas para unidades familiares e de convivencia con escaseza de recursos económicos

Estas bolsas están destinadas a aquelas unidades familiares e de convivencia que, por escaseza de recursos económicos, teñen dificultades ou non poden facer fronte aos gastos relacionados coa escolarización das persoas menores que teñen ao seu cargo. Poderán optar a tres tipos de bolsas:

A.1. Bolsas de comedor: destinadas a facer fronte ao custo do servizo de comedor.

A.2. Bolsas para a realización de actividades extraescolares: destinadas a sufragar actividades educativas, deportivas, culturais e xuvenís que se realicen nos centros educativos sostidos con fondos públicos.

A.3. Bolsas para adquisición de material escolar para o alumnado do segundo ciclo de Educación Infantil, destinadas a sufragar o material necesario para o inicio e desenvolvemento do curso académico en función das obrigas de cada colexio e das súas técnicas de aprendizaxe (mandilón, chándal, papelería, material funxible etc).

B. Bolsas para facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das unidades familiares e de convivencia

Bolsas de comedor destinadas a sufragar o custo do comedor a aquelas unidades familiares ou de convivencia que teñan dificultades para conciliar a vida persoal, familiar e laboral.

As bolsas para comedor escolar concederanse só na modalidade de fixos mensuais, é dicir, de todos os días lectivos do mes, **non sendo admisibles solicitudes para comedor na modalidade de fixos descontinuos nin esporádicos.**

3. PERÍODOS SUBVENCIONABLES

Servizo de comedor:

- De setembro de 2021 a xuño de 2022 (ambos os dous incluídos)
- De non prestarse nos meses de setembro e xuño: de outubro de 2021 a maio de 2022 (ambos os dous incluídos).
- De non prestarse no mes de setembro: de outubro de 2021 a xuño de 2022 (ambos os dous incluídos).
- De non prestarse no mes de xuño: de setembro de 2021 a maio de 2022 (ambos os dous incluídos).

Realización de actividades extraescolares:

- De outubro de 2021 ata xuño de 2022 (ambos os dous incluídos)

Adquisición de material escolar:

- Dende a publicación das bases no BOP da provincia de A Coruña, ata o período máximo de xustificación do material escolar (ver base nº 18.2).

4. BENEFICIARIAS

4.1. Terán a condición de beneficiarias as unidades familiares e de convivencia (proxenitores solicitantes e menores beneficiarios) empadroadas e con residencia efectiva no Concello de Santiago de Compostela con persoas menores ao seu cargo escolarizadas nos centros docentes públicos ou concertados do municipio sostidos con fondos públicos, que cursen educación infantil (segundo ciclo) ou educación primaria obligatoria.

4.2. Poderán solicitar estas axudas as nais, pais, titoras/es legais ou persoas encargadas da garda e protección dos menores ao que se refire o punto anterior.

4.3. Para os efectos desta convocatoria, considéranse membros computables da unidade familiar:

- a) Os cónxuxes ou titores/as legais, ou parellas de feito.
- b) Os fillos e fillas menores de idade.
- c) Os fillos ou fillas maiores de idade con discapacidade física, psíquica ou sensorial ou incapacitados xudicialmente, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- d) Os fillos ou fillas maiores de idade que dependan economicamente dos proxenitores.
- e) A separación transitoria motivada por razóns de estudo, traballo, tratamento médico ou outras causas semellantes non rompen a convivencia para estos efectos.

Así mesmo, teranse en conta as seguintes circunstancias familiares:

- Entenderase por familia monoparental, consonte o previsto na Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, a unidade familiar formada por unha única proxenitora ou proxenitor, con fillos/as menores ao seu cargo, que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e sempre que o/a outro/a proxenitor/a non contribúa economicamente ao seu sustento e acrediten esta situación mediante sentenza de separación ou divorcio (matrimonios) ou sentenza de garda, custodia e alimentos (para parellas de feito) xunto coa sentenza por impago das pensións ou o xustificante de inicio das actuacións.
- No caso de custodia compartida, achegaranse os datos económicos e laborais de ambos os dous proxenitores.
- Os ingresos de todos os anteditos membros teranse en conta para determinar a situación económica da unidade de convivencia.
- En ningún caso poderán ser destinatarios de bolsas de comedor os proxenitores/as privados/as da patria potestade dos seus fillos/as, ou se a tutela ou a garda dos menores fose assumida pola Administración Pública con competencias na materia, acordando un acollemento residencial.

5. REQUISITOS DAS FAMILIAS BENEFICIARIAS

5.1.- REQUISITOS COMÚNS PARA AS FAMILIAS BENEFICIARIAS DE AMBAS AS MODALIDADES:

- Estar empadroadas e residir de forma efectiva no concello de Santiago de Compostela e convivir cos menores de idade para os que se solicita a bolsa.
- Ser o/a proxenitor/a, posuír a tutela legal do menor ou menores para os que solicite a bolsa, ter concedido o acollemento familiar destes ou un permiso de convivencia autorizado pola administración pública con competencias na materia .
- Estar ao corrente, durante todo o período subvencionable, e ata o último trámite de xustificación, no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), co Concello de Santiago e coa Seguridade Social, salvo situacións de risco social, nas que obligatoriamente debe intervir a Administración Local, que estean debidamente acreditadas mediante informe socio educativo emitido polos servizos sociais comunitarios.
- Non incorrer en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Asistir ao comedor do centro durante todo o curso escolar, agás os meses de setembro e xuño que poden ter carácter voluntario ou non ofrecer o centro ese

servizo. Non se admitirán solicitudes na modalidade de fixos descontinuos nin esporádicos. De facer un uso irregular do servizo sen xustificación (ausencias superiores ao 10% dos días lectivos mensuais) poderá ser causa de extinción.

5.2.- REQUISITOS ESPECÍFICOS PARA A MODALIDADE A (BOLSAS POR ESCASEZA DE RECURSOS)

- Non superar a renda per cápita o máximo de 6.778,80 € anual (IPREM), de conformidade co baremo establecido na base 8.
- Alcanzar un mínimo de 10 puntos, en aplicación do baremo
- No caso das bolsas para **actividades extraescolares**, o/a menor ou menores para quen se solicita a bolsa deberán contar con praza nelas **e presentar, xunto coa solicitude**, unha certificación da matrícula nas actividades extraescolares na que conste a identidade da Entidade Colaboradora, o nome da(s) actividade(s) e o(s) seu(s) prezo(s) e período de realización.

5.3. REQUISITOS ESPECÍFICOS PARA A MODALIDADE B (BOLSAS POR CONCILIACIÓN)

- Non superar a renda máxima familiar anual: 23.725,80 € (3,5 veces o IPREM anual).
- Acreditar a xornada laboral de ambos os cónxuxes ou titoras/es legais ou das parellas de feito ou soamente da persoa solicitante no caso de separacións, divorcios e familias monoparentais.

Os anteriores requisitos deberán reunirse ao remate do prazo de presentación das solicitudes e manterse ao longo do curso escolar.

6. OBRIGAS DAS UNIDADES FAMILIARES E DE CONVIVENCIA BENEFICIARIAS

6.1.- Todas as unidades familiares e de convivencia beneficiarias destas bolsas teñen as seguintes obrigas:

- A persoa solicitante e os demais membros computables da unidade familiar autorizarán, de xeito expreso, o Concello de Santiago de Compostela para recadar da Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), da Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), do Concello de Santiago e da Seguridade Social, de xeito telemático, os datos necesarios para a determinación da renda da unidade familiar.
- Autorizar o Concello de Santiago á recollida e tratamiento de datos de carácter persoal dos membros da unidade familiar ou de convivencia, coa única finalidade

de utilizalos para as xestións, procedementos e consultas derivadas da presentación desta solicitude e á cesión dos datos persoais que sexan estritamente necesarios para a xestión do pagamento das bolsas ás entidades colaboradoras previstas na base 13 desta convocatoria.

- Comunicar ao Departamento de Servizos Sociais calquera alteración das condicións que motivaron o outorgamento das bolsas, como as baixas que soliciten no servizo de comedor ou nas actividades extraescolares, a través do enderezo electrónico bolsas.sociais@santiagodecompostela.gal, ou, no seu caso, por calquera dos seguintes modos:
 - De xeito telemático, a través do “Rexistro Electrónico Común - REC”, accesible no endereço electrónico <https://rec.redsara.es/registro/action/are/acceso.do>.
 - Ou tamén de xeito telemático utilizando a sede electrónica do concello sede.santiagodecompostela.gal.
 - Alternativamente poderase tamén presentar por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
- Estar ao corrente durante todo o período subvencionable, e ata o último trámite de xustificación, no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), co Concello de Santiago e coa Seguridade Social, salvo situacións de risco social, nas que obligatoriamente debe intervir a Administración Local, que estean debidamente acreditadas mediante informe socio educativo emitido polos servizos sociais comunitarios.
- Someterse ás actuacións de comprobación, que efectúe o órgano concedente ou a entidade colaboradora, se é o caso, así como a calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos competentes, tanto nacionais como comunitarios, achegando canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos incluídos na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e na base 18 desta convocatoria.

6.2.- As unidades familiares e de convivencia beneficiaras das bolsas de comedor e das actividades extraescolares, terán, ademais, as seguintes obrigas:

- Utilizar o servizo de comedor diariamente e asistir ás actividades extraescolares, salvo causa xustificada e debidamente documentada.
- Autorizar o Concello de Santiago de Compostela para ingresar o importe das bolsas que, se é o caso, sexan concedidas na conta bancaria da entidade colaboradora correspondente.
- Comunicar coa debida antelación ao servizo de comedor xestionado polo centro escolar, a ANPA ou empresa adxudicataria e/ou á organización das actividades extraescolares as ausencias das persoas menores que por calquera causa xustificada se vaian producir, con indicación dos días nos que terán lugar. No caso de non facelo, o Concello poderá revogar a bolsa de comedor.
- Comunicar ao Departamento de Servizos Sociais calquera alteración das condicións que motivaron o outorgamento das bolsas, como as baixas que soliciten no servizo de comedor ou nas actividades extraescolares, a través do enderezo electrónico bolsas.sociais@santiagodecompostela.gal, ou, no seu caso, por calquera dos seguintes modos:
 - De xeito telemático, a través do “Rexistro Electrónico Común - REC”, accesible no endereço electrónico <https://rec.redsara.es/registro/action/are/acceso.do>.
 - Ou tamén de xeito telemático utilizando a sede electrónica do concello sede.santiagodecompostela.gal.
 - Alternativamente poderase tamén presentar por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
- Cumprir as normas establecidas no regulamento interno para o servizo de comedor.
- Aboar puntualmente a diferenza entre o custo mensual do comedor e/ou das actividades extraescolares e a(s) bolsa(s) concedida(s) que non finacie este programa municipal.

7. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

As solicitudes formalizaranse segundo os modelos normalizados que se inclúen neste documento (anexo I, anexo II e anexo III) e que estarán a disposición das persoas interesadas na Concellaría de Políticas Sociais e Saúde e na páxina web www.santiagodecompostela.gal. Deben presentarse debidamente cubertas, xunto coa documentación que se detalla nas bases 9 e 10, polos seguintes medios:

- De xeito telemático, a través do “Rexistro Electrónico Común - REC”, accesible no enderezo electrónico <https://rec.redsara.es/registro/action/are/acceso.do>.
- Ou tamén de xeito telemático utilizando a sede electrónica do concello sede.santiagodecompostela.gal.
- Alternativamente poderase tamén presentar por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

As solicitudes presentaranse no prazo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte á publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

No caso, de que ao presentar a solicitude quede pendente de achegar algunha documentación, esta só poderá presentarse durante o prazo previsto para a presentación de solicitudes; de non facelo no dito prazo, as persoas solicitantes deberán agardar á fase de emenda e mellora das solicitudes que prevé a seguinte base.

7.1 EMENDA E MELLORA DAS SOLICITUDES

Unha vez rematado o prazo de presentación das solicitudes, publicaranse dúas listaxes; a primeira, onde figurará a identificación das persoas interesadas así como a súa data de rexistro de entrada e unha segunda, onde só aparecerán as persoas interesadas que deberán emendar ou mellorar a súa solicitude, para que no prazo de 10 días naturais (a contar dende o día seguinte á publicación) corrixe a falta ou acheguen os documentos preceptivos.

De acordo co previsto no artigo 68.1. da Lei de Procedemento Administrativo Común e Administración Pública, en canto a subsanación e mellora das solicitudes, publicarase un anuncio co listado de todas as solicitudes, que substituirá ao requerimento individual á persoa interesada, no taboleiro de edictos do Concello, do Centro de Servizos Sociais sito na Rúa Isaac Díaz Pardo, 4-6, na páxina web www.compostelaintegra.gal, na páxina web de Servizos Sociais e a do Concello (www.santiagodecompostela.gal), para que, nun prazo de dez días naturais a contar dende o día seguinte á data da publicación na páxina web do concello, subsane a falla ou achegue os documentos preceptivos, coa advertencia de que, de non facelo así, teráselle por desistido da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada non termos do art. 21 da LPACAP.

Ditas listaxes publicaranse únicamente co número de documento de identidade das persoas solicitantes, para salvagardar a identidade das persoas beneficiarias e solicitantes (*disposición adicional séptima da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais*).

Cando se acredeite que a persoa solicitante ten a condición de vítima de violencia de xénero con orde de protección, a publicación no taboleiro de anuncios será substituída pola notificación individual, cando así se solicite pola persoa interesada na súa solicitude. Esta situación acreditarase mediante certificación da orde de protección, da medida cautelar ou por calquera outro dos medios previstos no artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

7.2 POLÍTICA DE PRIVACIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS

De conformidade co disposto Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á Protección das Persoas Físicas, así como na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais infórmaselles ás persoas solicitantes, que os seus datos serán tratados de xeito confidencial e incorporáranse a aos ficheiros automatizados do Concello de Santiago de Compostela coa finalidade de xestionar as bolsas que se regulan nestas bases. Todos os datos solicitados son necesarios para atender a solicitude de ditas bolsas e o feito de presentarse á convocatoria presupón a autorización para o acceso a súa obtención, consulta e emisión de documentos.

Así, pois, as persoas solicitantes autorizan á recollida e tratamiento dos seus datos de carácter persoal, así como dos membros que declara na unidade de convivencia no anexo I, que se incorporarán aos ficheiros automatizados do Concello de Santiago de Compostela. Así mesmo, autorizan ao Concello de Santiago de Compostela a incluír nas publicacións previstas nesta convocatoria os documentos de identidade das persoas solicitantes (NIF/NIE), e á cesión dos datos persoais que sexan estritamente necesarios para a xestión do pago das bolsas de comedor escolar e/ou das actividades extraescolares ás entidades colaboradoras.

Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición poderán exercitarse mediante escrito perante o Rexistro Xeral do Concello de Santiago de Compostela.

A reserva que as persoas solicitantes poidan facer no sentido de non autorizar a obtención, publicidade e cesión dos seus datos ou dos menores ao seu cargo que, en todo caso terá que se expresar por escrito, poderá dar lugar á exclusión do proceso para a concesión de bolsas ou, noutro caso, á revogación do acto de outorgamento e, se procede, ao reintegro do importe concedido.

8. CRITERIOS DE VALORACIÓN. BAREMOS

Nesta convocatoria, para os efectos de determinar os ingresos económicos para ambas as modalidades, terase en conta a declaración da renda do derradeiro exercicio fiscal pechado que estea á disposición para poder realizar a consulta de datos. En dita consulta teranse en consideración as cancelas correspondentes á base imponible xeral mais a base imponible do aforro da declaración consultada.

No caso de separación ou divorcio con custodia compartida acreditada mediante sentenza xudicial, as rendas de ambos os dous proxenitores serán incluídas dentro do cómputo da renda familiar.

No caso de familias reconstituídas, terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida por análoga relación e as súas rendas incluiranse dentro do cómputo da renda familiar.

Segundo o establecido nos artigos 38 e 42 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero no contorno familiar, quedarán excluídos do cómputo das rendas os ingresos do agresor, considerándose a familia como monoparental.

8.1. BAREMO ECONÓMICO MODALIDADE A: POR ESCASEZA DE RECURSOS

Para esta modalidade terase en conta a renda *per cápita* anual (RPCA), que son os ingresos netos anuais da unidade familiar de convivencia divididos entre o número de membros computables da devandita unidade familiar, tendo en conta que computarán por dous os membros da unidade familiar que figuren na solicitude e teñan unha discapacidade igual ou superior ao 33%.

O IPREM (indicador público de renda de efectos múltiples) vixente para 2021 é de 564,90 €/mes, o que supón unha anualidade de 6.778,80 €/ano (12 pagas).

	Situación económica da unidade familiar de convivencia		Puntos
	Renda <i>per cápita</i> anual (RPCA)		
8.1.1.	<= 0,50 veces o IPREM	Menor ou igual a 3.389,40 €/ano	12
8.1.2.	Máis do 0,50 e ata 0,60 veces o IPREM	Mais de 3.389,40 ata 4.067,28 €/ano	10
8.1.3.	Máis do 0,60 e ata o 0,70 veces o IPREM	Mais de 4.067,28 ata 4.745,16 €/ano	8
8.1.4.	Máis do 0,70 e ata 0,80 veces o IPREM	Mais de 4.745,16 ata 5.423,04 €/ano	6
8.1.5.	Máis do 0,80 e ata 0,90 veces o IPREM	Mais de 5.423,04 ata 6.100,92	4

	IPREM	€/ano	
8.1.6	Máis do 0,90 e ata o IPREM	Mais de 6.100,92 ata 6.778,80 €/ano	2
8.1.7	Máis do IPREM	Mais de 6.778,80 €/ano	0

8.2. BAREMO ECONÓMICO PARA A MODALIDADE DE CONCILIACIÓN

Poderán ser beneficiarios de bolsas de comedor escolar pola modalidade de conciliación aquelas unidades de convivencia que contem cunha renda familiar anual máxima igual ou inferior a 23.725,80 € (3,5 veces o IPREM anual).

A este respecto, enténdese por renda familiar, a agregación de todos os ingresos de cada un dos membros computables.

A maiores, e dependendo da situación sociolaboral, teranse en conta as seguintes circunstancias:

	TIPO DE XORNADA	PUNTOS
8.2.1	Actividade laboral con xornada parcial por cada membro que cumpra a condición (pai, nai ou titor/es)	1
8.2.2	Actividade laboral xornada completa por cada membro que cumpra a condición (pai, nai ou titor/es)	2

8.3. BAREMO DA SITUACIÓN SOCIOFAMILIAR: PUNTUABLE PARA AMBAS AS MODALIDADES DE BOLSAS (A E B)

Unha vez valoradas as circunstancias económicas (modalidade A: escaseza de recursos) e as laborais (modalidade B: conciliación), terase en conta a situación sociofamiliar:

	SITUACIÓN SOCIOFAMILIAR	PUNTOS
8.3.1.	Familias numerosas con 4 fillos/as ou máis.	5
8.3.2.	Familias numerosas con 3 fillos/as, ou 2 no caso de ter estes algunha discapacidade	4
8.3.3.	Situación de violencia de xénero no contorno familiar das e dos menores de acordo co disposto na Lei 11/2007, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero.	3
8.3.4.	Familia monoparental	2
8.3.5.	Discapacidade Dende o 65% ata 74%	1
	A partir do 75%	3

8.3.6	Familia acolladora ou con permiso de convivencia acordado pola administración pública	2
-------	---	---

Se hai varios membros na unidade de convivencia con discapacidade, puntuará só a situación dun deles, o que teña maior gradación.

8.4.- APPLICACIÓN DOS BAREMOS POLAS DIFERENTES MODALIDADES

As persoas solicitantes deberán facer constar no impreso de solicitude a modalidade pola que optan ás bolsas municipais de comedor escolar, isto é por escaseza de recursos ou por conciliación, sendo excluíntes entre elas. En cada unha delas aplicaranse os baremos específicos establecidos nos apartados anteriores. A puntuación global será, pois, a resultante de sumar a puntuación específica (situación socioeconómica ou sociolaboral) coa puntuación sociofamiliar, de ser o caso.

Para ser beneficiarios dunha bolsa pola modalidade de carencia de recursos é necesario ter unha puntuación mínima de 10 puntos. Para ser beneficiarios dunha bolsa pola modalidade de conciliación é necesario ter unha puntuación mínima de 2 puntos.

9. DOCUMENTACIÓN OBRIGATORIA POR MODALIDADES.

A documentación que se debe presentar para a tramitación de cada unha das modalidades é a seguinte:

9.1	DOCUMENTACIÓN OBRIGATORIA PARA AS PERSOAS SOLICITANTES DE BOLSAS POLA MODALIDADE DE CARENCIA DE RECURSOS
9.1.1	Impreso de solicitud (anexo I) cuberto e asinado pola persoa solicitante (titor/a, nai, pai, acolledor/a).
9.1.2	DNI/NIE/pasaporte en vigor de cada membro da unidade familiar maior de idade.
9.1.3	Libro de familia ou, de non o ter, da documentación oficial que o substitúa
9.1.4	Impreso de autorización para que o Concello de Santiago de Compostela poida obter información e datos das distintas administracións públicas e organismos oficiais para o proceso de concesión de bolsas de comedor escolar, adquisición de material escolar e realización de actividades extraescolares curso 2021-2022 (anexo II).
9.1.5	De ser o caso, xustificante de ter realizada a preinscripción ou reserva de praza nas actividades extraescolares para o curso 2021/2022.
9.1.6	Declaración xurada de que se atopan ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (AEAT, ATRIGA), coa Seguridade Social e co Concello de Santiago de Compostela, a efectos do previsto no art. 13.2.e) da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, e no regulamento da Lei Xeral de Subvencións, aprobado

9.1	DOCUMENTACIÓN OBRIGATORIA PARA AS PERSOAS SOLICITANTES DE BOLSAS POLA MODALIDADE DE CARENCIA DE RECURSOS
	polo Real Decreto 887/2006. Dita situación de atoparse ao corrente deberá manterse durante todo o período subvencionable, e ata o último trámite de xustificación.
9.1.7	Certificación bancaria do número da conta, con IBAN, constando como titular/cotitular desta o solicitante da bolsa, onde desexan que se realice a transferencia da contía da bolsa, só no caso de solicitar bolsas para material escolar (só alumnado do 2º ciclo de educación infantil).
9.2	DOCUMENTACIÓN OBRIGATORIA PARA AS PERSOAS SOLICITANTES DE BOLSAS POLA MODALIDADE DE CONCILIACIÓN
9.2.1	Impreso de solicitude (anexo I) cuberto e asinado pola persoa solicitante (titor/a, nai, pai, acolledor/a).
9.2.2	DNI/NIE/pasaporte en vigor de cada membro da unidade familiar maior de idade.
9.2.3	Libro de familia ou, de non o ter, da documentación oficial que o substitúa
9.2.4	Impreso de autorización para que o Concello de Santiago de Compostela poida obter información e datos das distintas administracións públicas e organismos oficiais para o proceso de concesión de bolsas de comedor escolar, adquisición de material escolar e realización de actividades extraescolares curso 2021-2022 (anexo II).
9.2.5	Certificado da empresa ou da persoa empregadora no que se faga constar a xornada laboral de cada un dos membros computables (pai, nai ou persoas que exerzan a tutela ou garda).
9.2.6	Declaración xurada de que se atopan ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (AEAT, ATRIGA), coa Seguridade Social e co Concello de Santiago de Compostela, a efectos do previsto no art. 13.2.e) de la Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, e no regulamento da Lei Xeral de Subvencións, aprobado polo Real Decreto 887/2006. Dita situación de atoparse ao corrente deberá manterse durante todo o período subvencionable, e ata o último trámite de xustificación.

DOCUMENTACIÓN OBRIGATORIA QUE SERÁ RECADADA DE OFICIO POLO ÓRGANO XESTOR

A acreditación do empadroamento/convivencia

10. DOCUMENTACIÓN NON OBRIGATORIA: DE ENTREGA VOLUNTARIA PARA OBTER OS BENEFICIOS DE APLICACIÓN DO BAREMO SOCIOFAMILIAR.

Estes documentos non son obligatorios, pero serán necesarios si se quere acceder á puntuación adicional referida á situación sociofamiliar. A falta de presentación dalgún

dos documentos recollidos de seguido dentro do prazo de solicitude ou emenda suporá a non valoración no correspondente epígrafe do baremo que se recolle na base 8.3.

	SITUACIÓN QUE PUNTÚA NO BAREMO		DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA QUE DEBE ENTREGAR
10.1.	Familia numerosa		Carné de familia numerosa en vigor
	Situación de violencia de xénero		Acreditación da situación de violencia, segundo recolle o artigo 5 da Lei galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero (Lei 11/2007, do 27 de xullo)
10.2.	Familia monoparental	Familias formadas por un único proxenitor	Libro de familia onde conste un único proxenitor.
		Separación ou divorcio ou separacións feito	Sentenza e convenio regulador ou sentenza de asignación da garda, custodia e alimentos xunto coa solicitude de execución da sentenza presentada perante o xulgado ou xustificante de inicio das actuacións por impago da pensión .
		Viuez	Certificado de defunción
10.3.	Discapacidade		Certificación ou tarxeta que acredite o grao de discapacidade cunha porcentaxe igual ou superior ao 33%
10.4.	Familia acolledora ou con permiso de convivencia		Resolución da Administración Autonómica que acredite o acollemento familiar ou o permiso de convivencia.

11.- ENTIDADES COLABORADORAS

Serán entidades colaboradoras os centros docentes públicos ou concertados sostidos con fondos públicos de educación infantil (segundo ciclo) e de educación primaria obligatoria do concello de Santiago de Compostela que xestionen directamente o servizo de comedor e as actividades extraescolares, as asociacións de nais e pais (ANPAS) destes centros educativos que xestionen o dito servizo e/ou actividades ou, se é o caso, a empresa adjudicataria para a prestación do servizo de comedor escolar e calquera entidade que realice a prestación de actividades extraescolares para os anteditos centros, que non estean incursas en ningún dos supostos de prohibición contidos no artigo 13 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

12.- OBRIGAS DAS ENTIDADES COLABORADORAS

Son obrigas das entidades colaboradoras as seguintes:

- a. Cubrir e asinar debidamente a aceptación como entidade colaboradora na xestión de bolsas de **comedor escolar (anexo IV)**. Cubrir e asinar debidamente a aceptación como entidade colaboradora na xestión de bolsas de **actividades extraescolares (anexo V)**.
- b. Garantir o servizo de comedor e actividades extraescolares durante o curso escolar.
- c. Achegar a seguinte documentación no momento de presentar a solicitude:
 - NIF/CIF da entidade colaboradora.
 - Certificación da conta bancaria onde figure o IBAN.
 - Declaración de estar ao corrente nas obrigas tributarias (AEAT e ATRIGA), coa Seguridade Social e co Concello de Santiago de Compostela.
 - Indicar, no caso de prestar o servizo de comedor:
 - Deben indicar a data de inicio e fin do servizo, así como o prezo do mesmo, e os centros educativos nos que se prestará o mesmo.
 - Indicar, no caso de prestar o servizo de actividades:
 - Deben indicar os centros educativos nos que prestará o servizo e a data de inicio e a data de fin do servizo de actividades.
- d. **Os anexos de aceptación como entidade colaboradora**, así como a documentación prevista nos apartados anteriores, **deberán presentarse preferentemente, no prazo de 10 días hábiles desde a publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia por calquera dos seguintes medios:**
 - De xeito telemático, a través do “Rexistro Electrónico Común - REC”, accesible no endereço electrónico <https://rec.redsara.es/registro/action/are/acceso.do>.
 - Ou tamén de xeito telemático utilizando a sede electrónica do concello sede.santiagodecompostela.gal.
 - Alternativamente poderase tamén presentar por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
- e. Comunicar as incidencias que se produzan en relación co alumnado beneficiario ao Departamento de Servizos Sociais ao endereço electrónico bolsas.sociais@santiagodecompostela.gal

- f. **Xustificar a asistencia do alumnado** e a entrega dos fondos percibidos, a partir da data de publicación da resolución definitiva, cubrindo as certificacións a que fai referencia a base 18 desta convocatoria e que figuran nos anexos VI e VII.

Estas certificacións deberán ser presentadas polos seguintes medios:

- De xeito telemático, a través do “Rexistro Electrónico Común - REC”, accesible no enderezo electrónico <https://rec.redsara.es/registro/action/are/acceso.do>.
- Ou tamén de xeito telemático utilizando a sede electrónica do concello sede.santiagodecompostela.gal.
- Alternativamente poderase tamén presentar por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación será o seguinte:

- No prazo dos 10 días naturais seguintes ao da publicación da resolución definitiva da convocatoria deberase presentar a xustificación daqueles meses que xa estén vencidos. (Dito prazo computarase dende o día seguinte a dita publicación da resolución definitiva na páxima web municipal).
- Os restantes meses xustificaranse nos 10 primeiros días do mes seguinte ao que se xustifica, coa excepción do mes de decembro, que debe xustificarse coa data máxima do día 22 de decembro do 2021.

- g. Someterse ás actuacións de comprobación que respecto á xestión dos devanditos fondos poida efectuar o órgano concedente, así como calquera outra de comprobación ou control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto estatais como comunitarios, para o que se achegará canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

13.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

13.1.- Concesión de bolsas para unidades familiares e de convivencia con escaseza de recursos económicos:

Concederanse bolsas polo seguinte importe ás familias que obteñan maior puntuación como resultado da suma dos baremos establecidos anteriormente:

- ✓ Bolsas de comedor: abonarase **90 euros/mes** salvo que o importe sexa inferior a dita contía. Neste caso aboarase o importe xustificado.

- ✓ Bolsas de realización de actividades extraescolares: abonarase **ata 15 €/mes** (para o caso de actividades de 1 hora ou día á semana), e **ata 30 €/mes** (para o caso de actividades dende 2 horas ou 2 días á semana), salvo que o importe sexa inferior a ditas contías. Neste caso aboarase o importe xustificado.
- ✓ Bolsas de adquisición de material escolar: ata un máximo de **60 euros** (pagamento único), dependendo do gasto realizado.

En ningún caso o importe da bolsa recibida pode superar o 100 % do custe do servizo, actividade e/ou material subvencionado. En todo caso, a concesión das bolsas estará suxeita á existencia do crédito orzamentario correspondente.

En caso de empate no número de puntos obtidos e para adxudicar a bolsa terase en conta a puntuación acadada nos seguintes criterios:

1. Maior número de persoas beneficiarias por solicitante. Terán preferencia as solicitudes para dous ou máis irmáns.
2. Maior puntuación na base 8.1, referida á situación económica da unidade familiar.
3. Maior puntuación na base 8.3, referida á situación sociofamiliar.

Aquelhas familias que obteñan unha puntuación de 10 ou máis puntos e non resulten beneficiarias dunha bolsa de comedor ou de actividades extraescolares porque a totalidade de bolsas concedidas ás familias con maior puntuación supere o crédito orzamentario asignado a esta convocatoria quedarán nunha listaxe de agarda, que irá de maior a menor puntuación. Unha vez que se produza unha baixa, renuncia ou desistencia dunha bolsa concedida, esta bolsa concederase á familia en lista de agarda que teña maior puntuación, sempre que exista crédito orzamentario suficiente.

13.2.- Bolsas de comedor para a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

Concederanse ata 100 bolsas, por importe de 45,00 euros/mes, a aquellas unidades familiares e de convivencia que obteñan maior puntuación, segundo os criterios de valoración establecidos nesta convocatoria.

En caso de empate no número de puntos obtidos e para adxudicar a bolsa terase en conta a puntuación acadada nos seguintes criterios:

1. Maior número de persoas beneficiarias por solicitante. Terán preferencia as solicitudes para dous ou máis irmáns.
2. Maior xornada laboral.

De persistir o empate, a orde de prioridade asignarase atendendo á renda *per cápita* da familia, adxudicándose as bolsas por orde inverso á magnitud da dita renda, xa que logo terase en conta a renda máis baixa.

Aquelhas familias que obtendo puntuación suficiente non resulten beneficiarias de ningunha bolsa de comedor porque a totalidade das concedidas ás familias con maior puntuación supera o crédito orzamentario asignado a esta convocatoria quedarán nunha listaxe de agarda, que irá de maior a menor puntuación. Unha vez que se produza unha baixa, renuncia ou desistencia dunha bolsa concedida, a dita bolsa concederase á familia da lista de agarda que teña maior puntuación, sempre que exista crédito orzamentario suficiente.

14. TRAMITACIÓN E SUBSANACIÓN DE SOLICITUDES

A instrución do procedemento de resolución das bolsas correspóndelle ó Departamento de Servizos Sociais, que recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixibles e a documentación acreditativa. De acordo co previsto no artigo 68.1. da Lei de Procedemento Administrativo Común e Administración Pública, en canto a subsanación e mellora das solicitudes, publicarase un anuncio co listado de todas as solicitudes, que substituirá ao requirimento individual á persoa interesada, no taboleiro de edictos do Concello, do Centro de Servizos Sociais sito na Rúa Isaac Díaz Pardo, 4-6, na páxina web www.compostelaintegra.gal, na páxina web de Servizos Sociais e a do Concello (www.santiagodecompostela.gal), para que, nun prazo de **dez días naturais a contar desde o día seguinte á data da publicación na páxina web do concello, subsane a falla ou achegue os documentos preceptivos**, coa advertencia de que, de non facelo así, teráselle por desistido da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos do art. 21 da LPACAP.

15. INSTRUCCIÓN DO PROCEDEMENTO DE RESOLUCIÓN

As bolsas obxecto desta convocatoria tramitaranse en réxime de concorrencia competitiva, comparando as solicitudes presentadas e establecendo unha prelación entre elas, consonte os criterios de valoración establecidos nestas bases e adxudicando, cos límites fixados nesta convocatoria e dentro do crédito dispoñible, aquelas que obteñan a maior puntuación en aplicación dos baremos establecidos.

O Departamento de Servizos Sociais será o órgano competente para a instrución do procedemento, que deberá verificar o cumprimento das condicións impostas nestas bases para adquirir a condición de persoa beneficiaria, para o que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se deba formular a proposta de resolución e, en especial o informe extraordinario para aquellas persoas beneficiarias que non se atopen ao corrente de obrigas tributarias, fronte á seguridade social, e fará constar que

da información que consta no seu poder se desprende que as persoas beneficiarias cumplen os requisitos necesarios para acceder ás bolsas.

Que de acordo ao previsto no art. 22 da LXS e nas BEO do ano 2021, base 27 apartado 3.2 prevé que ***"Nos expedientes de concesión de subvencións tramitadas polo procedemento ordinario de concorrencia, apartado 2) Existencia de acta do órgano colexiado correspondente sobre avaliación das solicitudes"***....

En cumprimento do anterior a valoración das solicitudes corresponderá a unha **Comisión Avaliadora**, que quedará integrada pola Concelleira delegada da Área de Acción Social, que actuará como Presidenta, a xefatura do servizo da Área de Acción Social ou a xefatura de sección do Departamento de Servizos Sociais, o técnico de xestión e a traballadora social responsable do programa, e da que formará parte da secretaría, persoal funcionario administrativo da Área. Este órgano colexiado emitirá un informe no que se concrete o resultado da avaliación. A secretaría redactará a correspondente acta de cada sesión da comisión.

Rematada a instrución do procedemento, o expediente remitiráselle á antedita comisión de avaliación, que avaliará as solicitudes das bolsas, poñendo de manifesto os criterios utilizados de acordo co contido nestas bases, dará lugar a un informe no que se concretará o resultado da avaliación efectuada, ao amparo dos criterios fixados nas bases desta convocatoria.

O órgano instrutor, á vista do expediente e do resultado da antedita comisión, formulará proposta de resolución definitiva, debidamente motivada, á que se refire o artigo 24 LXS, que incluirá a relación de solicitudes presentadas, con indicación do documento de identidade da persoa solicitante, o centro escolar ao que asisten os menores, o número de puntos acadados, o número de bolsas concedidas e a súa contía. Así mesmo, recollerá as solicitudes denegadas, cos motivos do seu rexeitamento e as que, se é o caso, pasen a conformar as listas de agarda previstas nas bases.

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a concesión das bolsas, e ditará resolución definitiva motivada segundo o disposto nas bases e de acordo coa antedita proposta de resolución. O seu acordo porá fin á vía administrativa e publicarase , no taboleiro de edictos do Concello, do Centro de Servizos Sociais sito na Rúa Isaac Díaz Pardo, 4-6, na páxina web www.compostelaintegra.gal, na páxina web de Servizos Sociais e a do Concello (www.santiagodecompostela.gal). Dito acordo da xunta de goberno expresará os recursos que contra a mesma procedan, órgano administrativo ou xudicial ante o que tiveran de presentarse e o prazo para interpoñelos, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercitar calquera outro que estimen oportuno.

A dita publicación substituirá a notificación individual, nos termos que establecen os artigos 45.1.a) e 45.4 da **Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas** sen prexuízo do disposto no artigo 46, relativo á indicación de notificacións e publicacións.

Tanto a listaxe de todas as solicitudes para a súa subsanación como as listaxes coa resolución definitiva publicaranse únicamente co número de documento de identidade das persoas solicitantes, para salvagardar a identidade das persoas beneficiarias e solicitantes (*disposición adicional séptima da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais*).

Cando se acredeite que a persoa solicitante ten a condición de vítima de violencia de xénero con orde de protección, a publicación no taboleiro de anuncios será substituída pola notificación individual, cando así se solicite pola persoa interesada na súa solicitude. Esta situación acreditarase mediante certificación da orde de protección, da medida cautelar ou por calquera outro dos medios previstos no artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

O prazo máximo para resolver e publicar a notificación da resolución do procedemento non poderá exceder de seis meses. O prazo se computará desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes. O vencimento do prazo máximo sen terse notificado a resolución lexitima ás persoas interesadas para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da bolsa.

16. INCIDENCIAS E EXTINCIÓN PRODUCIDAS DESPOIS DA RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA.

16.1.- No referente ás actividades extraescolares, só se permitirá cambiar de actividade sempre e cando isto non supoña unha modificación de entidade colaboradora. A cantidade a aboar polo Concello non poderá ser superior á concedida na resolución da convocatoria.

16.2.- O traslado do alumnado de centro escolar ao longo do curso 2021-2022, dentro do municipio de Santiago de Compostela, será considerado como unha incidencia, que non suporá a perda das bolsas que teñan recoñecidas, sempre e cando no novo centro exista dispoñibilidade de prazas. Dito cambio debe ser comunicado no prazo improrrogable de 10 días naturais dende que teña efecto, tal e como se indica na base 16.3.

16.3.- As comunicacións relativas ás incidencias deberán ser presentadas a través dos seguintes medios, e dentro do prazo improrrogable de 10 días naturais dende que se

produza a incidencia, salvo que por circunstancias alleas á persoa beneficiaria se poda requerir un prazo maior:

- De xeito telemático, a través do “Rexistro Electrónico Común - REC”, accesible no enderezo electrónico <https://rec.redsara.es/registro/action/are/acceso.do>.
- Ou tamén de xeito telemático utilizando a sede electrónica do concello sede.santiagodecompostela.gal.
- Alternativamente poderase tamén presentar por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
- A través do enderezo electrónico bolsas.sociais@santiagodecompostela.gal

O incumprimento destes trámites poden dar lugar á revogación total ou parcial das cantidades percibidas mais os correspondentes xuros de demora, sen menoscabo das sancións que, de ser o caso, resulten esixibles.

16.4.- Poderán ser causa de extinción das bolsas municipais de comedor escolar e actividades extraescolares as seguintes:

- Traslado de residencia a outro termo municipal.
- Renuncia da/s bolsa/s concedidas, por parte das persoas beneficiarias.
- Por o uso irregular do servizo de comedor ou actividades, en tres mensualidades consecutivas, con faltas de asistencia sen xustificar superior ao 10% dos días lectivos mensuais.
- O incumprimento polo alumnado das normas establecidas para o servizo de comedor ou das actividades extraescolares, polo centro educativo ao que pertenza.

17. COMPATIBILIDADE DAS AXUDAS

As bolsas concedidas a través desta convocatoria serán compatibles con outras axudas ou subvencións para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que o importe total de todas elas non supere o custo total correspondente.

Non obstante, **serán excluíntes as bolsas de comedor escolar pola modalidade de escaseza de recursos coas de conciliación, debendo cada persoa solicitante optar só por unha das modalidades.**

18. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO DAS BOLSAS

18.1. Bolsas de comedor e actividades extraescolares

A contía destas bolsas liquidarase e ingresarase na conta bancaria da entidade colaboradora (centro escolar, ANPA ou empresa adjudicataria do servizo de comedor ou das actividades extraescolares), unha vez rematado o procedemento administrativo correspondente.

Para poder proceder á liquidación correspondente, as entidades colaboradoras emitirán a certificación mensual debidamente cuberta e asinada, (ANEXOS VI e VII) que corresponda en cada caso.

Estas certificacións deberán ser presentadas polos seguintes medios:

- De xeito telemático, a través do “Rexistro Electrónico Común - REC”, accesible no enderezo electrónico <https://rec.redsara.es/registro/action/are/acceso.do>.
- Ou tamén de xeito telemático utilizando a sede electrónica do concello sede.santiagodecompostela.gal.
- Alternativamente poderase tamén presentar por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación será o seguinte:

- No prazo dos 10 días naturais seguintes ao da publicación da resolución definitiva da convocatoria deberase presentar a xustificación daqueles meses que xa estén vencidos. (Dito prazo computarase dende o día seguinte a dita publicación da resolución definitiva na páxima web municipal).
- Os restantes meses xustificaranse nos 10 primeiros días do mes seguinte ao que se xustifica, coa excepción do mes de decembro, que debe xustificarse coa data máxima do día 22 de decembro do 2021.

Cando o Departamento de Servizos Sociais aprecie a existencia de defectos subsanables na xustificación , e de conformidade co previsto no artigo 71.2 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Ley 28/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, en relación co artigo 73, da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, poñerá en coñecemento da entidade colaboradora para que, no prazo de dez días, proceda a súa

subsanación. Dita notificación realizarase dende o enderezo bolsas.sociais@santiagodecompostela.gal ao enderezo electrónico facilitado por cada unha das entidades colaboradoras, no momento da súa adhesión.

As familias beneficiarias deberán aboar, de ser o caso, a diferenza respecto ao custo do comedor ou das actividades extraescolares que lles corresponda.

18.2. Bolsas para a adquisición de material escolar

As persoas beneficiarias de ditas bolsas deberán presentar as **facturas orixinais dos gastos pola adquisición do material escolar, ou os demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa**, con data límite o 15 de novembro de 2021, polos seguintes medios:

- De xeito telemático, a través do “Rexistro Electrónico Común - REC”, accesible no enderezo electrónico <https://rec.redsara.es/registro/action/are/acceso.do>.
- Ou tamén de xeito telemático utilizando a sede electrónica do concello sede.santiagodecompostela.gal.
- Alternativamente poderase tamén presentar por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

O Concello de Santiago de Compostela aboará nun pagamento único a bolsa pola contía xustificada para a adquisición de material escolar, na conta facilitada pola persoa beneficiaria no momento da solicitude.

O recoñecemento da obriga realizarase unha vez aprobada a xustificación correspondente das facturas presentadas seguindo o procedemento previsto no artigo 24.1 das Bases de Execución do Orzamento.

19. REVOCACIÓN E RÉXIME SANCIÓNADOR

19.1.- Procederá a **revogación** das bolsas concedidas nos seguintes supostos:

- a) Incumprimento por parte da persoa beneficiaria da bolsa de calquera das obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias que motivaron o seu outorgamento.
- b) A ocultación de información se esta motivou a concesión das bolsas.

Estas circunstancias darán lugar á revogación total ou parcial das cantidades percibidas mais os correspondentes xuros de demora, sen menoscabo das sanción que, de ser o caso, resulten esixibles.

19.2.- Todas as demais **causas de reintegro** que contén o título II da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

19.3.- Tanto as causas coma o procedemento de reintegro, infraccións e sancións rexerase polas disposicións xerais sobre procedementos administrativos contidas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, sen prexuízo das especialidades que establece a normativa vixente en materia de subvencións públicas.

20. RÉXIME DE RECURSOS

Contra as presentes bases e cantos actos administrativos se deriven delas, os interesados poderán interpoñer os recursos previstos no título V da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas ou calquera outro adecuado a dereito.

21. PUBLICIDADE DAS SUBVENCIÓNIS.

De acordo co artigo 18 da LXS: “1.-A Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade de subvencións. .2. A tales efectos, as administracións concedentes deberán remitir á Base de Datos Nacional de Subvencións información sobre as convocatorias e ás resolucións de concesión recaídas nos temos establecidos no artigo 20”.

Conforme ao sinalado na base 4 da convocatoria, a condición de persoas beneficiarias se refire as unidades familiares (proxenitores solicitantes e menores beneficiarios) e de convivencia empadroadas no Concello de Santiago de Compostela con persoas menores ao seu cargo escolarizadas nos centros docentes públicos ou concertados do municipio sostidos con fondos públicos, que cursen educación infantil (segundo ciclo) ou educación primaria obligatoria, polo que conforme ao disposto no artigo 20 da LXS, a remisión da correspondente información á BDNS realizarase en función das persoas beneficiarias e dos importes concedidos ás mesmas.

SOLICITUDE DE BOLSA DE COMEDOR/ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E/OU MATERIAL ESCOLAR, CURSO 2021-2022

ANEXO I

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE (pai, nai, titor/a ou persoa acolledora)

1º APELIDO	2º APELIDO	NOME
DNI/NIE	ENDEREZO	CÓDIGO POSTAL
TELEFÓNICO	ENDEREZO ELECTRÓNICO	

DATOS DO ALUMNADO E MODALIDADE/S DE BOLSAS QUE SE SOLICITAN

A MODALIDADE DE BOLSA QUE SOLICITA É INCOMPATIBLE ENTRE SI (RISQUE UNHA DAS DÚAS OPCIÓNS A OU B)

1)	APELIDOS E NOME		
	CENTRO ESCOLAR		CURSO
A.) Bolsas por escaseza de recursos		A.1. Comedor A.2. Actividades extraescolares A.3. Adquisición material escolar (só 2º ciclo de infantil)	
B.) Bolsas por conciliación (só comedor) <input type="checkbox"/>		<input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/>	
2)	APELIDOS E NOME		
	CENTRO ESCOLAR		CURSO
A.) Bolsas por escaseza de recursos		A.1. Comedor A.2. Actividades extraescolares A.3. Adquisición material escolar (só 2º ciclo de infantil)	
B.) Bolsas por conciliación (só comedor) <input type="checkbox"/>		<input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/>	
3)	APELIDOS E NOME		
	CENTRO ESCOLAR		CURSO
A.) Bolsas por escaseza de recursos		A.1. Comedor A.2. Actividades extraescolares A.3. Adquisición material escolar (só 2º ciclo de infantil)	
B.) Bolsas por conciliación (só comedor) <input type="checkbox"/>		<input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/>	

FOLLA 1



COMPOSICIÓN DA UNIDADE FAMILIAR

Nome e apelidos dos membros da unidade familiar	NIF/NIE	Data nacemento	Parentesco solicitante	Discapacidade	
				SI/ NON	Porcentaxe
			SOLICITANTE		

A persoa que solicita DECLARA

- Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos, que non se omite ningún dato e que coñece as posibles responsabilidades existentes nos supostos de ocultación, falseamento ou calquera outra actuación fraudulenta.
- Que acepta a totalidade das bases desta convocatoria.
- Que no caso de resultaren beneficiariaalgúnha modalidade das bolsas establecidas, cumplirá con todas as obrigas establecidas nas bases desta convocatoria.
- Que está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (AEAT e ATRIGA), coa Seguridade Social e co Concello de Santiago de Compostela.
- Que reúne os requisitos esixidos e acepta todos os termos incluídos nesta convocatoria, polo que SOLICITA a/as bolsa/as que se regulan nela.


A PERSOA SOLICITANTE AUTORIZA:

- Consonde o disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á Protección das Persoas Físicas , no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos así como na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais, e a base 7.2 desta convocatoria, a recollida e tratamento dos seus datos de carácter persoal, e dos declarados na composición da unidade familiar, que se incorporarán aos ficheiros automatizados do Concello de Santiago. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición poderán exercitarse mediante escrito perante o Rrexistro Xeral do Concello de Santiago.
- Así mesmo, autoriza ao Concello de Santiago á cesión dos datos persoais que sexan estritamente necesarios para a xestión do pagamento das bolsas de comedor escolar e de actividades extraescolares ás entidades colaboradoras.
- Autoriza ao Concello de Santiago para ingresar a conta das bolsas de comedor escolar e de actividades extraescolares, no caso de resultar beneficiaria, na conta bancaria da entidade colaboradora que proceda, segundo o caso.
- A reserva que as persoas solicitantes poidan facer no sentido de non autorizar á obtención ou publicidade dos seus datos ou dos menores ao seu cargo que, en todo caso, terá que se expresar por escrito, poderá dar lugar á exclusión do proceso para a concesión de bolsas de comedor escolar ou, se cómpre, á revogación do acto de outorgamento e ao reintegro do importe concedido.

En Santiago de Compostela a.....de.....de 2021.

Sinatura da persoa solicitante

FOLLA 2



CONCELLO DE
SANTIAGO

POR FAVOR, MARQUE CUN X AS OPCIÓNS QUE SE AXUSTEN Á SÚA SITUACIÓN FAMILIAR E QUE ACREDITARÁ COA PERTINENTE DOCUMENTACIÓN

SITUACIÓN SOCIOFAMILIAR

INDICAR ONDE PROCEDA	SITUACIÓN FAMILIAR	DOCUMENTACION OBRIGATORIA A APORTAR
	Familia numerosa	Carné de familia numerosa
	Situación de violencia de xénero	Acreditación da situación de violencia segundo recolle o artigo 5 da Lei galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, Lei 11/2007, do 27 de xullo
	Separación ou divorcio	Sentenza de separación e/ou divorcio
	Separacións de feito con fillas/os recoñecidas/os no libro de familia	Convenio regulador
	Acollemento dos/as menores	Resolución administrativa ou auto xudicial
	Familias formada por un/unha único/a proxenitor/a	Libro de familia
	Separación ou divorcio, con sentenza por impago de pensións	Solicitud de execución de sentenza perante o xulgado ou xustificante de inicio das actuacións por impago da pensión alimentos
	Viuvez	Certificado de defunción
	Familia accolledora ou con permiso de convivencia	Resolución da administración autonómica que acredite o accollemento familiar ou o permiso de convivencia
	Existencia de membro/s con discapacidade na unidade familiar	Certificado ou tarxeta que acredite o grao de discapacidade
	Menores en situación de garda e custodia compartida	Senteza ou convenio regulador da asignación da garda e custodia

TIPO DE XORNADA LABORAL (para a modalidade B: por conciliación).

- Actividade laboral con xornada **parcial**:
 - Solicitante:
 - O outro proxenitor:
- Actividade laboral xornada **completa**:
 - Solicitante:
 - O outro proxenitor:

Deberá aportar o correspondente certificado da empresa ou da persoa empregadora no que se faga constar a xornada laboral **de cada un dos membros computables** (pai, nai ou persoas que exerzan a tutela ou garda).

Santiago de Compostela, , de de 2021.

Sinatura da persoa solicitante:

FOLLA 3

DOCUMENTACION QUE SE ENTREGA COA SOLICITUDE

	Impreso de solicitude, cuberto e asinado pola persoa solicitante (anexo I).	OBRIGATORIA
	DNI/NIE/pasaporte en vigor de cada membro da unidade familiar maior de idade.	OBRIGATORIA
	Libro de familia ou, de non o ter, da documentación oficial que o substitúa	OBRIGATORIA
	Impreso de autorización para que o Concello de Santiago de Compostela poida obter información e datos das distintas administracións públicas e organismos oficiais para o proceso de concesión de bolsas de comedor escolar, adquisición de material escolar e realización de actividades extraescolares curso 2021-2022 (anexo II).	OBRIGATORIA
	Declaración xurada de que se atopan ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (AEAT, ATRIGA), coa Seguridade Social e co Concello de Santiago de Compostela, a efectos do previsto no art. 13.2.e) da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, e no regulamento da Lei Xeral de Subvencións, aprobado polo Real Decreto 887/2006. (Anexo III). Dita situación de atoparse ao corrente deberá manterse durante todo o período subvencionable, e ata o último trámite de xustificación.	OBRIGATORIA
	Xustificante de ter realizada a preinscripción ou reserva de praza nas actividades extraescolares para o curso 2021/2022.	OBRIGATORIA, no caso de bolsas para actividades extraescolares
	Certificación bancaria do número de conta con IBAN, sendo titular da mesma o solicitante, onde desexan que se realice a transferencia da contía da bolsa, só no caso de solicitar bolsas para material escolar (só alumnado do 2º ciclo de educación infantil).	OBRIGATORIA, no caso de bolsas para material escolar
	Certificado da empresa ou da persoa empregadora no que se faga constar a xornada laboral de cada un dos membros computables (pai, nai ou persoas que exerzan a tutela ou garda).	OBRIGATORIA, só no caso das bolsas por conciliación .
	Carné de familia numerosa en vigor.	OPTATIVA
	Acreditación da situación de violencia, segundo recolle o artigo 5 da Lei galega para a prevención e o tratamiento integral da violencia de xénero (Lei 11/2007, do 27 de xullo)	OPTATIVA
	Sentencia e convenio regulador ou sentencia de asignación da garda, custodia e alimentos xunto coa solicitude de execución da sentenza presentada perante o xulgado ou xustificante de inicio das actuacións por impago da pensión.	OPTATIVA
	Certificado de defunción	OPTATIVA
	Certificación ou tarxeta que acredite o grao de discapacidade	OPTATIVA
	Resolución da Administración Autonómica que acredite o acollemento familiar ou o permiso de convivencia.	OPTATIVA

CENTRO XESTOR: <20>

USUARIO: tft

RESPONSABLE ADMINISTRATIVO:

CONCELLERÍA: POLÍTICAS SOCIAIS E SAÚDE.

DATA: / /21

SOLICITA:

A alta na aplicación contable sicalwin do seguinte terceiro aos efectos de poder tramita-las propostas de gasto e pre-rcs:

NIF/ NIE/ PASAPORTE:

NOME E APELIDOS (SOLICITANTE):

ENDEREZO:

C.P:

POBOACIÓN: SANTIAGO DE COMPOSTELA

PROVINCIA: A CORUÑA

PAÍS: ESPAÑA

TELÉFONO / MÓBIL:

NÚMERO DE CONTA:

IBAN:

BIC:

CÓDIGO	TIPO DE TERCEIRO	
FSA	Pessoas físicas que non desenvolven actividade económica	x
GRA	Gran empresa	
JSA	Pessoas xurídicas que non desenvolven actividade económica	
PFA	PYME e persoa física que non desenvolve actividade económica	

Santiago de Compostela, de 2021.

O responsable administrativo, (espazo reservado para a sinatura dixital do empregado público)

(*) Será OBRIGATORIO achegar xunto a esta solicitude copia da tarxeta de identificación fiscal do terceiro e certificación da conta bancaria.



CONCELLO DE
SANTIAGO

ANEXO II

AUTORIZACIÓN PARA QUE O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA POIDA OBTER INFORMACION E DATOS DAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E ORGANISMOS OFICIAIS PARA O PROCESO DE CONCESIÓN DE BOLSAS DE COMEDOR ESCOLAR, ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR E REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES CURSO 2021-2022.

A(s) persoa(s) que asinan abaixo autoriza(n) o Concello de Santiago de Compostela para que poida obter directamente ou por medios telemáticos os datos precisos para determinar a renda a través da Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), así como a obter a información da Axencia Tributaria Galega (ATRIGA), da Seguridade Social, Catastro, Concello, rexistros públicos ou de calquera outro organismo de calquera administración pública que sexa precisa para o procedemento de concesión das bolsas de comedor escolar, adquisición de material escolar e realización de actividades extraescolares para o curso 2021-2022.

Esta autorización outorgase exclusivamente para o procedemento mencionado anteriormente e en aplicación do disposto no artigo 95.1 k) da Lei 58/2003, xeral tributaria que permite, logo da autorización da persoa interesada, a cesión dos datos tributarios que precisen as administracións públicas para o desenvolvemento das súas funcións.

A. DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

APELIDOS E NOME	NIF	SINATURA

B. DATOS DOS RESTANTES MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR (unicamente maiores de 18 anos) QUE TAMÉN PRESTAN AUTORIZACIÓN:

PARENTESCO	APELIDOS E NOME	NIF	SINATURA

Santiago de Compostela, de 2021.

NOTA: A autorización concedida por cada asinante pode ser revogada en calquera momento mediante escrito dirixido ao órgano autorizado.



CONCELLO DE
SANTIAGO

ANEXO III

DECLARACIÓN XURADA DA PERSOA SOLICITANTE

1º APELIDO	2º APELIDO	NOME
DOCUMENTO DE IDENTIDADE	ENDEREZO	CÓDIGO POSTAL
TELEFÓNICO	CORREO ELECTRÓNICO	

DECLARO BAIXO XURAMENTO estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa AEAT, ATRIGA, SEGURIDADE SOCIAL e o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

O que asino aos efectos oportunos en Santiago de Compostela,

(sinatura)



CONCELLO DE
SANTIAGO

- ANEXO IV -

ACEPTACIÓN PARA PARTICIPAR COMO ENTIDADE COLABORADORA NA XESTIÓN DE BOLSAS DE COMEDOR PARA O CURSO 2021-2022.

DATOS DO CENTRO, ANPA OU EMPRESA PRESTADORA DO SERVIZO DE COMEDOR

NOME	REPRESENTANTE CENTRO ESCOLAR, ANPA OU EMPRESA	
CIF	ENDEREZO	CÓDIGO POSTAL
TELEFÓNICO	ENDEREZO ELECTRÓNICO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	

A DATA DE INICIO DO SERVIZO DE COMEDOR É O DÍA.....DO MES DE.....DO 2021,E A DATA DE FIN NA QUE SE PRESTARÁ O SERVIZO SERÁ O DÍA.....DO MES DE.....DO 2022.

CENTRO/S EDUCATIVO/S NOS QUE SE PRESTA O SERVIZO (ENUMERAR),

INDIQUEN O CUSTO DO SERVIZO DE COMEDOR (Indicar so unha das dúas modalidades custo por día ou custo por mes).

- No caso de custo por día:.....€/día.
- No caso de custo por mes:.....€/mes. (no caso de que o prezo por mes sexa distinto dependendo do mes, indíqueno).

Acepta participar como entidade colaboradora na xestión das BOLSAS DE COMEDOR ESCOLAR desta convocatoria e con esta sinatura asume todas as obrigas establecidas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, así como as establecidas na propia convocatoria.

Con esta solicitude achégase a seguinte documentación:

- NIF/CIF da entidade colaboradora.
- Documentación que acredite a titularidade da conta bancaria (certificación bancaria).
- Declaración de estar ao corrente nas obrigas tributarias (AEAT e ATRIGA), coa Seguridade Social e co Concello de Santiago de Compostela.

Lugar, data, sinatura e selo da entidade

Santiago de Compostela, ____ de _____ de 2021.

A persoa representante

Asdo.: _____

Consonte o disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á Protección das Pessoas Físicas, no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos así como na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Santiago relacionados con este trámite, coa finalidade de utilizarlos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia o interesado con esta solicitude. En calquera momento poderá exercitar os dereitos de cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.



CONCELLO DE
SANTIAGO

ANEXO V -

ACEPTACIÓN PARA PARTICIPAR COMO ENTIDADE COLABORADORA NA XESTIÓN DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES PARA O CURSO 2021-2022.

DATOS DO CENTRO, ANPA OU EMPRESA PRESTADORA DO SERVIZO DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

NOME	REPRESENTANTE CENTRO ESCOLAR, ANPA OU EMPRESA	
CIF	ENDEREZO	CÓDIGO POSTAL
TELEFÓNICO	ENDEREZO ELECTRÓNICO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	
INDIQUE OS CENTRO/S EDUCATIVO/S NOS QUE SE PRESTA O SERVIZO, DATA DE INICIO DAS ACTIVIDADES E DATA DE FIN DAS ACTIVIDADES.		

Acepta participar como entidade colaboradora na xestión das bolsas de ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES desta convocatoria e con esta sinatura asume todas as obrigas establecidas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, así como as establecidas na propia convocatoria.

Con esta solicitude achégase a seguinte documentación:

- NIF/CIF da entidade colaboradora.
- Documentación que acredite a titularidade da conta bancaria (certificación bancaria).
- Declaración de estar ao corrente nas obrigas tributarias (AEAT e ATRIGA), coa Seguridade Social e co Concello de Santiago de Compostela.

Lugar, data, sinatura e selo da entidade

Santiago de Compostela, ____ de _____ de 2021.

A persoa representante

Asdo.: _____

Consonte o disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á Protección das Pessoas Físicas, no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos así como na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Santiago relacionados con este trámite, coa finalidade de utilizarlos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia o interesado con esta solicitude. En calquera momento poderá exercitar os dereitos de cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rrexistro Xeral do Concello.

ANEXO VI

D/D^a _____, na súa calidade de _____ do/da _____
 CEIP/CPR/ANPA/Empresa adxudicataria _____, como entidade colaboradora na xestión da convocatoria de **bolsas para comedor** do Concello de Santiago de Compostela para o curso 2021/2022

Certifíco

1. Que o alumnado que de seguido se relaciona asistiu ao **servizo de comedor escolar** o mes de _____ de 202__.

BOLSAS DE COMEDOR ESCOLAR POR ESCASEZ DE RECURSOS								
SOLICITANTE	DNI SOLICITANTE	ALUMNO/A	DIAS LECTIVOS	Nº DIAS DE ASISTENCIA	Nº DIAS AUSENCIAS (1)		IMPORTE/CUSTO DIA/MES	CUSTO DO SERVIZO (2) (IMPORTE A PAGAR POLO CONCELLO pola beca concedida)
					XUST	NON XUST		
IMPORTE TOTAL								

BOLSAS DE COMEDOR ESCOLAR POR CONCILIACION

SOLICITANTE	DOCUMENTO DE IDENTIDADE DO SOLICITANTE	ALUMNO/A	DIAS LECTIVOS	Nº DIAS DE ASISTEN- CIA	Nº DIAS AUSENCIAS (1)		IMPORT E/CUST O DIA/MES	CUSTO DO SERVIZO (2) (IMPORTE A PAGAR POLO CONCELLO pola beca concedida)
					XUST	NON XUST		
IMPORTE TOTAL								

2. Que os fondos que se reciban do Concello de Santiago de Compostela en concepto de bolsas de comedor escolar serán destinados a finalidade para a que foron concedidos.

E para que conste, para os efectos oportunos, expido esta certificación en Santiago de Compostela o _____ de _____ de 202__.

A persoa representante

Asdo.: _____
(sinatura e selo)

(1) XUST = XUSTIFICADAS - (1) NON XUST = NON XUSTIFICADAS

(2) IMPORTE A PAGAR POLO CONCELLO POLO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR DO MES QUE SE CERTIFICA

(3) XUNTO COA SINATURA POÑER O SELO DA ENTIDADE

ANEXO VII

D/D^a _____ na súa calidade de _____, do/da CEIP/CPR/ANPA/Empresa adxudicataria _____ e como entidade colaboradora na xestión da convocatoria de **bolsas para actividades extraescolares do Concello de Santiago para o curso 2021/2022.**

Certifíco:

1.- Que o alumnado que de seguido se relaciona asistiu ás **actividades extraescolares** durante o mes de _____ de 202____.

SOLICITANTE	DNI SOLICITANTE	ALUMNO/A	DIAS	Nº DIAS DE ASISTEN- CIA	Nº DIAS AUSENCIAS (1)		CUSTO DA ACTIVIDAD E (2)	NOME DA ACTIVIDADE
					XUS- T	NON XUST		
IMPORTE TOTAL								

2.- Que os fondos que se reciban do Concello de Santiago de Compostela en concepto de bolsas actividades extraescolares serán destinados a finalidade para a que foron concedidos.

E para que conste, para os efectos oportunos, expido esta certificación en Santiago de Compostela o _____ de _____ de 202____.

A persoa representante

Asdo.: _____

(sinatura e selo)